

# PLAN DIXITAL

## CEIP PLURILINGÜE SANTA MARÍA

As Pontes de García Rodríguez

Versión 1.0\_ 2023

# Índice do Plan Dixital

## 1 Introdución

- 1.1 Datos básicos do centro
- 1.2 Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3 Breve xustificación do mesmo
- 1.4 Proceso de elaboración

## 2 Situación de partida

- 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3 Análise DAFO

## 3 Plan de Acción

- 3.1 Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4 Avaliación do PD

- 4.1 Seguimento do Plan de Acción
- 4.2 Propostas de mellora (revisión)

## 5 Difusión do PD

# 1 Introducción

## 1.1 Datos básicos do centro

O CEIP Plurilingüe Santa María atópase no Concello das Pontes de García Rodríguez, sito no noroeste de Galicia, na comarca do Eume na provincia da Coruña. Limita ao norte con Ortigueira e Mañón, ao sur con Monfero e Xermade, ao oeste coa Capela, As Somozas e San Sadurniño e con Muras ao leste. Concretamente a dirección do centro é:

Praza América s/n 15320 As Pontes (A Coruña)

O enderezo electrónico é : [ceip.santamaria.aspontes@edu.xunta.gal](mailto:ceip.santamaria.aspontes@edu.xunta.gal)

O centro conta coas etapas de Educación Infantil (2 unidades) e Primaria (6 unidades), tendo un total de 121 alumnos/as, distribuídos do seguinte xeito:

- Educación Infantil: 27 alumnos/as.
- Educación Primaria: 91 alumnos/as.

En canto ao cadro de mestres contamos cun total de 14 mestres/as, dos cales a especialista de Relixión é compartida con outro centro.

En canto a Orientadora é compartida, pero pertence a outro centro.

O centro dispón de páxina web onde se van actualizando e publicando as novidades. <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariaaspontes/>

## 1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O colexio está situado no centro do núcleo urbano do Concello das Pontes, na praza de América. Foi construído grazas ás achegas económicas de emigrantes das Pontes na Habana, inaugurándose o 28 de xullo de 1929. Ao ser un edificio antigo foi obxecto de varias remodelacións. A poboación do municipio ronda os 10.000 habitantes, asentada principalmente no núcleo urbano.

A economía depende principalmente da industria, destacando o sector eléctrico. Conta con numerosos parques eólicos e tres parques industriais onde se asentan empresas con moi diversas actividades. Destacar tamén a súa riqueza forestal e o aproveitamento da biomasa con fins enerxéticos.

Dende hai xa anos véñse dando unha progresiva implantación de ferramentas dixitais e das novas tecnoloxías no noso centro: no traballo diario, na xestión académica do centro e docente e nas comunicacións, tanto entre a comunidade educativa como entre o persoal do centro.

Todo isto viuse acrecentado pola pandemia derivada da COVID-19 que supuxo unha rápida implantación de formación dixital.

A experiencia do CEIPP Santa María no eido das TIC vén xa de lonxe e remóntase cando menos ao curso 1992/93 no que se puxo en marcha a primeira Aula de Informática. Ese mesmo curso fixouse unha hora semanal de asistencia a dita aula para os alumnos de Educación Primaria. Tratábase naquel momento de que o alumnado fixese unha primeira toma de contacto coas, daquela, “Novas

Tecnoloxías” e que reforzase os coñecementos de aula coa axuda do programa Clic 3.0, do Quaderno de Mates e algunha outra aplicación que iamós descubriendo sobre todo en contacto con outros mestres e mestras coa mesma inquietude e a través dos cursos de formación que nos ofrecía a administración.

Dende hai xa moitos anos solicitamos seminarios e grupos de traballo relacionados coas tecnoloxías, entre eles *Entorno web e as súas aplicacións didácticas*. A pretensión deste seminario foi acadar un maior coñecemento das TIC que nos permitiu mellorar a nosa práctica educativa:

- Implicar ao profesorado na utilización das TIC como recurso educativo.
- Coñecer o profesorado diferentes ferramentas e recursos TIC aplicables o ámbito educativo, facendo especial fincapé no uso da web do centro e das ferramentas de autor.
- Ampliar contidos da web do centro e afianzar os blogs educativos existentes e sentar as bases de actualizacións sucesivas.

En base ao comentado e tendo en conta os obxectivos recollidos no Proxecto Educativo, e na Programación Xeral Anual, destacamos: “Potenciar as TIC como recurso didáctico para integralas como ferramenta indispensable no deseño de programas que propicien a innovación educativa”. Tamén temos recollido integrar ao profesorado nas TIC, algo fundamental para desenvolver unha metodoloxía innovadora con programas de formación do profesorado constantes, en liñas relacionadas coas TIC.

Polo que o primeiro paso para lograr esta integración das TIC no centro debe ser analizar a situación da que partimos e como debemos actuar, en base a debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO). Aquí é onde cobra protagonismo o Plan Dixital, proporcionándonos unha ferramenta para analizar a situación do noso centro, e tela en conta para establecer liñas de acción de cara ao vindeiro curso 2022/23.

Este Plan Dixital debe ser a ferramenta que nos permita regular todo o relacionado coas TIC no centro e como incrementar progresivamente o seu protagonismo.

### 1.3 Breve xustificación do mesmo

A elaboración do Plan Dixital, ven recollida e xustificada en base a seguinte normativa:

- En primeiro lugar na Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación (LOE\_LOMLOE):
  - Artigo 111 bis Tecnoloxías da Información e Comunicación, concedéndolle as TIC unha importancia relevante con un artigo destinado unicamente ás mesmas. Destacando o apartado 5 onde indica que os centros promoverán o uso das TIC na aula como medio didáctico valioso e apropiado para levar a cabo o proceso de ensino aprendizaxe.
  - Artigo 121 referido ao Proxecto Educativo, destacamos que indica que o PE debe recoller a estratexia dixital do centro.
  - Artigo 132 referido ás competencias do director ou directora, este debe favorecer medidas que fomente a innovación educativa do centro.

- No referente a Disposición adicional 5ª “Plan Dixital de Centro” da Resolución do 17 de xuño de 2021, para o desenvolvemento das ensinanzas de EP durante o curso 2021-22, onde nos recolle que durante o curso 2021/2022 os centros docentes elaborarán o Plan Dixital de centro de acordo as instrucións que se diten.
- E estas instrucións do punto anterior veñen recollidas na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, indícanos que ao rematar este curso 2021/2022 debemos ter elaborado o Plan Dixital do noso centro, analizando as Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO), e unha vez coñecemos a situación actual, propoñer obxectivos claros e realistas para lograr mellorar a situación do centro no relativo á dixitalización do mesmo.

## 1.4 Proceso de elaboración

No tocante ao proceso de elaboración, en primeiro lugar conformamos un equipo composto por 3 persoas, unha das cales foi a coordinadora e incluímonos na formación dentro do PFPP do noso centro para este curso.

En primeiro lugar, asistimos as perceptivas sesións de formación para poder ter orientacións máis concretas sobre a elaboración do Plan Dixital.

Unha vez que tiñamos claro como proceder organizamos a recollida de información, informando a comunidade educativa da necesidade de elaborar a enquisa SELFIE, e logo o Test de CDD por parte do profesorado.

Unha vez elaboradas estas enquisas e tivemos acceso aos resultados analizamos os mesmos organizándoos no análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades). Clasificamos os datos e procedemos a elaborar un Plan de acción para intentar solucionar as debilidades, e manter as fortalezas.

Este traballo foi sempre da man das aportacións que os membros do claustro podían facer en calquera momento.

Para rematar, en base ao noso Plan de Acción elaboramos o documento que será o actual Plan Dixital.

## 2 Situación de partida

### 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A nivel de centro dispoñemos dun mínimo dun equipo por mestre/a e aula, entre os portátiles que se atopan en cada aula e as posibilidades que proporciona o Proxecto E-Dixgal para o profesorado especialista.

Destacamos as aulas que contan con maior equipamento:

- Dirección, secretaría e xefatura de estudos, con un equipo por posto.
- Sala de mestres con 2 equipos a disposición do profesorado.

- Departamento de Orientación, con un equipo e unha tableta.
- Aula de PT, con un equipo.
- Aula de informática con 14 ordenadores.
- As aulas de Educación Primaria e 6.º de Educación Infantil, contan con un portátil, pantalla dixital, proxector e conexión á rede wifi.
- Cabe destacar a importancia da biblioteca do centro como lugar onde contamos con recursos, como 2 equipos, para alumnado, o equipo da biblioteca e dúas tabletas para traballar a realidade aumentada, impresora 3D, robóts...

En todo o centro dispoñemos de conexión a Internet con puntos wifi das tres liñas principais do centro: edu.xunta.es, Abalar e ED\_15013591.

No caso dos equipos de dirección, secretaría, xefatura de estudos, sala de mestres, orientación, biblioteca e informática, contan conexión cableada.

No centro contamos co Proxecto E-Dixgal, que permite que o alumnado de 5º e 6º de EP contan cada alumno/a co seu portátil e tamén son as aulas máis dixitalizadas do centro:

- EDI Multiclass
- Proxector
- Equipo portátil Lenovo Thinkpad 102/2015 na mesa dos mestres
- Conexión á rede de datos do centro cunha velocidade maior de 100 Mbps.
- Carro de carga e os portátiles do alumnado.

Os nosos alumnos poden usar semanalmente as TICs na aula de informática e na biblioteca do centro. Desde o centro trabállase en ddiversos ámbitos:

- Co alumnado na creación de presentacións, realización de blogs e con distintas ferramentas, orientadas á súa autonomía no ámbito dixital.
- Xestión académica e do centro coas plataformas da Consellería.
- Xestión da Biblioteca escolar co programa Meiga.
- Blogs CEIPP Plurilingüe Santa María como o de biblioteca chamado: Bibliolili.
- A WEB ESCOLAR: No curso 2008-2009 incorporámonos ao proxecto de Webs Dinámicas ofertado pola Consellería de Educación. Desde aquela levamos xa varios anos enchendo de contido a nosa web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariaaspontes/>
- Na web do centro tamén temos aula virtual do mesmo.
- Abalar Móbil, unha ferramenta moi empregada para a comunicación coas familias.

En canto ao mantemento dos equipos, se non é unha avaría, en primeiro lugar encárgase o equipo TIC de solucionar a incidencia e de non ser posible contáctase para a súa posta a punto.

No centro xa contábase con outros plans relacionados coas TIC, como o Plan TIC e o Proxecto EDixgal.

## 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Informe SELFIE: Resumo das áreas

Areas	Equipo Directivo	Profesorado	Alumnado
<b>A -Liderado</b>	3.2	2.5	-
<b>B- Colaboración e redes</b>	3.2	2.3	4.2
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	3.6	3.3	4.4
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	3.7	2.6	-
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	4	4.1	-
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	3.5	3.6	3.9
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	3.1	2.9	-
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	3.4	3.5	4.6

Non tivemos en conta o Test CDD porque participou pouco profesorado e polo tanto os resultados non eran significativos.

Para facer aplicable ao noso centro o Plan Dixital tivemos tamén en conta a nosa observación e criterio xa que por exemplo a avaliación ten unha nota moi baixa no informe SELFIE, pero es que consideramos que en Primaria non é moi importante avaliar con medios dixitais polo que non entraría dentro dos aspectos que queremos mellorar. Outros aspectos teñen boa nota, como as infraestructuras, mais consideramos que é unha información sesgada xa que temos Edixgal e 5º e 6º están ben dotados, pero non os cursos máis baixos.

## 2.3 Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e a nosa observación e criterio, xeramos unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
C A T E G O RÍ A S	<b>INFRAESTRUTURAS- EQUIPAMENTO</b> C8: Dispositivos dixitais para o ensino C3: Acceso a internet C5: Asistencia técnica C7: Protección de datos C2: Dispositivos dixitais para o aprendizaxe	
	<b>PERSOAL DOCENTE</b> B2: Debate sobre o uso da tecnoloxía D2: Participación do DPC E1: Recursos educativos en liña E2: creación de recursos dixitais E3: emprego de entona virtual E4: comunicación coa comunidade educativa F: pedagogía: implementación na aula.	B1: Avaliación do progreso D1: necesidades de DPC G3: retroalimentación adecuada G5: autorreflexión sobre a aprendizaxe.
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>	

	<b>ALUMNADO</b>	H1 y H3: Comportamiento seguro y responsable H8: Aprender a comunicarse	C2: Dispositivos dixitais para a aprendizaxe
	<b>FAMILIAS</b>		
	<b>OFERTA</b>		
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	C5: Asistencia técnica	A1: Estratexia dixital A2: desenvolvemento da estratexia co profesorado A3: novas modalidades de ensino.
	<b>EXTERNOS</b>	<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>C A T E G O R Í A S</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	C5: Asistencia técnica.	C1: Infraestructura C3: acceso a internet C8: dispositivos dixitais para o ensino.
	<b>LEXISLACIÓN</b>	C7: Protección de datos.	
	<b>CONTORNA</b>		
	<b>ANPA</b>		
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	B3: Colaboracións.	

### 3 Plan de Acción

A análise DAFO, que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital, e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver indica que o centro necesitaba priorizar dous aspectos, a mellora do espazo físico para optimizar as posibilidades de aprendizaxe na era dixital, e promover a colaboración en rede entre o profesorado, para compartir coñecementos expertos e contidos.

Partimos da base de que na aula de informática temos 20 ordenadores, pero só dez deles son funcionais, polo tanto, se queremos que os estudantes melloren as súas habilidades dixitais temos que comezar por ter o material necesario para levalo a cabo. Por outra banda, consideramos moi importante crear un repositorio de materiais virtuais do que poida facer uso todo o profesorado do centro

#### 3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Tomando como base o informe SELFIE e a análise DAFO que nos indican cales son as debilidades máis importantes, propoñémonos como obxectivos:

- Conseguir suficientes ordenadores para o alumnado na aula de informática.



Queremos ter unha aula con 25 ordenadores funcionais na aula de informática ao final do primeiro trimestre do curso 2022/2023. Para acadalo necesitamos arranxar ordenadores que temos no centro, ademais de dar de baixa aqueles que non teñan arranxo.


- Crear un repositorio onde se compartan e realicen actividades e recursos en liña

Queremos que un 80% do profesorado comparta recursos en liña co claustro. Agora mesmo, non se está a compartir materiais, polo que partimos de 0, e o noso obxectivo é acadalo para o final do primeiro trimestre do curso 2022/2023. Para acadalo necesitamos convencer ao profesorado da importancia e os beneficios de levalo a cabo.



### **3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas**

As infraestruturas tecnolóxicas do centro para os cursos que non participan no proxecto Edixgal necesitan ser melloradas, xa que non contamos con suficientes ordenadores funcionais para que unha clase poida traballar individualmente na aula de informática. Necesitamos un espazo tecnolóxico dinámico, onde tódolos cursos poidan traballar a competencia dixital, non só para búsqueda de información, senón tamén para desenvolverse no novo mundo das novas tecnoloxías. Ademais aínda non contamos con Pizarra Dixital en tódalas aulas.

Área/s de mellora:		Infraestrutura e equipos (C)				
 OBXECTIVO:	1.- Conseguir suficientes ordenadores para o alumnado na aula de informática (C8)			Acadado		
RESPONSABLE:	Coordinador TIC			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de ordenadores funcionais na aula de informática					
Valor de partida	10					
Valor previsto e data	25			20-6-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Organizar o material do que dispoñemos	Equipo TIC	30-9-2022	Humanos: Dispoñibilidade horaria do profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Solicitar o arranxo dos ordenadores que non funcionen ben	Equipo TIC	30-9-2022	Humanos: Servizo técnico		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
	Equipo TIC	30-9-2022	Humanos: Soporte técnico		Realizada	

A01.3: Dar de baixa os ordenadores que non teñan arranxo para tentar que os substitúan.					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Realizar un seguimento do funcionamento dos ordenadores.	Equipo TIC	20-6-2023	Humanos: Colaboración do profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>Área/s de mellora:</b>	<b>Liderado (A)</b>					
<b>OBXECTIVO:</b>	2.- Crear un repositorio onde se compartan e realicen actividades e recursos en liña (Mellorar A e manter E)				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de profesorado que crea e comparte recursos nun repositorio na aula virtual					
<b>Valor de partida</b>	0					
<b>Valor previsto e data</b>	80%				20-6-2023	
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1: Crear un curso dentro da aula virtual como repositorio e matricular ao	Administrador da aula virtual	30-9-2022	Aula virtual Humanos: Profesorado		Realizada	
					Aprazada	

profesorado					Pendente	
A02.2: Valorar a necesidade de formación en creación de recursos dixitais.	Coordinador PFPP	20-9-2022	Listaxe de programas e aplicacións útiles. Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Crear un grupo de traballo dentro do PFPP para axudarnos a actualizar e crear contidos no repositorio	Dirección do centro	30-9-2022	Humanos: Profesorado Coordinador + 2 participantes mínimo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.4: Compartir contidos no repositorio	Coordinador PFPP	20-6-2023	Contidos creados por cada profesor para o seu grupo Humanos: Participación do profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

#### 4

### Avaliación do plan

O proceso de avaliación levarase a cabo de súas formas, a través dunha avaliación procesual e unha avaliación final.

- **A avaliación procesual** do primeiro obxectivo levarase a cabo mensualmente, pois necesitamos non só ter 25 ordenadores funcionais ao fin do primeiro trimestre, senón que sigan funcionando durante todo o curso escolar. Para o segundo obxectivo realizarase unha avaliación procesual trimestral, para que todo o profesorado teña tempo de afacerse as diferentes plataformas de creación e compartición de material educativo.
- **A avaliación final** do primeiro obxectivo primeiramente levarase a cabo ao fin do primeiro trimestre 2022/2023, na que queremos conseguir ter unha aula de informática funcional e útil. Ademais realizarase outra a final de curso, xa que temos que comprobar que o obxectivo logrouse durante todo o curso. En relación ao segundo obxectivo a avaliación final levarase a cabo ao final do terceiro trimestre do próximo curso, para ver se se acadou o noso obxectivo dun 80% do profesorado compartindo material educativo propio.

#### 5

### Difusión do plan

O plan dixital vai ter que ser levado a cabo polas persoas que traballen no centro o curso que ven. Polo tanto é importante que o centro estea de acordo con el e que sea coñecido por toda a comunidade educativa por se puideran contribuir á súa consecución ou á súa mellora. Esta comunicación está en relación co Plan de Comunicación do Centro.

Estratexias de comunicación:

- Antes da súa publicación:
  - En Claustro: durante o terceiro trimestre do curso 2022 se comentan os aspectos que se están a traballar e se expoñen os obxectivos e as actuacións, quedando o claustro de acordo cos mesmos.
  - En Consello Escolar: Antes da súa publicación falarase do mesmo explicando en que consiste e expoñendo os puntos máis importantes.
- Despois da publicación:
  - Páxina web: O Plan dixital estará colgado na Web do centro para que todo o mundo o poida consultar.
  - En Claustro: Irase falando dos avances e comentando se se va conseguindo ou non os obxectivos.
  - En Consello Escolar: Ao finalizar cada curso escolar plantexaranse os avances e as dificultades que se tiveron para intentar mellorar e incluso pedir axuda se fose necesaria.

